

BASES PARA A SELECCIÓN DO PROCESO PARA A CONTRATACIÓN DE DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS E DÚAS CONSERXES AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 20 DE MARZO DE 2023 DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA CONTRATACIÓN DE MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O ANO 2023.

As presentes bases rexerán o procedemento de selección de dúas auxiliares administrativas e dúas conserxes ao abeiro da Resolución de 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas para o ano 2023 (DOG nº64 31/03/2023). No artigo 8 da devandita Resolución establece que para facilitar a selección de candidatas, a Secretaría Xeral de Igualdade e o Servizo Público de Emprego de Galicia elaborarán unha instrución conxunta que se fará pública na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade. No mesmo artigo recolle que para a selección das traballadoras, as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución poderán contactar coa oficina de emprego asignada para a presentación da correspondente oferta, e solicitarán a relación de candidatas segundo os requisitos de perfil profesional que determine a entidade local e tendo en conta que todas as candidatas deben posuír a condición de vítima de violencia de xénero, así como estar inscritas no Servizo Público de Emprego.

O procedemento de selección, realizarase seguindo a instrución nº6/2023 de data 17/04/2023 da Secretaria Xeral de Igualdade e da Directora Xeral de Formación para o Emprego e Orientación (CVE:ZMiJ3q8i5HI4) da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e irá precedido da tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o establecido na antedita Resolución e no punto 3º e 4º da instrución citada.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria a selección e contratación laboral temporal a xornada completa cunha duración de doce meses de dúas auxiliares administrativas e dúas conserxes, mulleres vítimas de violencia de xénero, ao abeiro da Resolución de 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas para o ano 2023, vinculado aos programas de fomento de emprego da Comunidade autónoma de Galicia.

Os postos de traballo a cubrir son os seguintes:

POSTOS (departamentos)	PRAZAS	XORNADA (%)	DURACIÓN (meses)
Auxiliar administrativo (Intervención – ADL)	2	100 %	12 meses
Conserxe (Réxime Interior – Servizos Sociais)	2	100 %	12 meses

Os contratos laborais terán carácter temporal cunha duración de doce meses, a xornada completa e deberán celebrarse segundo o prazo establecido pola Secretaría Xeral de Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A modalidade de contratación será o contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e inserción, vinculados a programas de activación para el emprego, segundo o establecido na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

SEGUNDA.- Sistema de selección

O sistema de acceso será por concurso

TERCEIRA.- Procedemento para a selección.

Segundo o disposto no artigo 8 da Resolución de 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade e o punto 3º da instrución nº6/2023 antedita o Concello de Cambre deberá tramitar oferta de emprego na Oficina de Emprego que lle corresponda. Previo a presentación das ofertas deberá coordinar o procedemento coa coordinadora de Vítimas de Violencia de Xénero da correspondente provincia a cal designará a persoa titora de referencia na oficina de emprego que corresponda.

A oficina de emprego realizará as sondaxes ou busca parametrizada das persoas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia coa condición de Vítimas de Violencia de Xénero.

CUARTA.- Requisitos das aspirantes.

Segundo o artigo 6º da Resolución do 20 de marzo de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, "As persoas destinatarias finais das subvencións reguladas nesta resolución serán as mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as mulleres vítimas que padecen violencia vicaria e mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual inscritas como demandantes de emprego ou como mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia."

4.1. Cumprir cos requisitos establecidos na Resolución de 20/03/2023 da Secretaría Xeral da Igualdade publicada no DOG núm.64 de 31/03/2023, artigo 6.

○ Mulleres que sofren violencia de xénero, incluídas as mulleres vítimas que padecen violencia vicaria e mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual inscritas como demandantes de emprego ou como mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia. (acreditando tal requisito a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero).

○ En todo caso, a documentación acreditativa da situación de violencia de xénero debe estar emitida ou asinada no prazo dos 24 meses anteriores á data de presentación da correspondente oferta por parte da entidade contratante na oficina de emprego ou á data de contratación. Se as medidas contidas na sentenza ou nunha orde de protección están en vigor, non opera o devandito límite temporal. Dita documentación deberá acreditarse a través da presentación de:

- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaría ou secretario xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- Informe do Ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- Calquera outra que se estableza regulamentariamente

○ Ter cesado a relación de convivencia ou dominación co agresor. (mediante algún dos documentos establecidos no artigo 6.2.da citada Resolución).

○ Estar inscritas como demandantes de emprego ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

4.2.- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.

4.3.- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

4.4.- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo,

facéndoo constar na instancia, sinalando se precisan adaptacións para a realización das probas, e especificando tales adaptacións.

4.5.- Titulación académica:

- Para o posto de auxiliar administrativo estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP1, Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.
- Para o posto de conserxe estar en posesión do certificado de escolaridade, de estudos primarios ou equivalente.

4.6.- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

4.7.- Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Os mesmos termos aplicaranse as persoas que teñan outra nacionalidade no seu Estado.

4.8.- Ser convocado/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia e constar no sondaxe que será remitido pola oficina de emprego ao Concello de Cambre.

Todos os requisitos deberán posuílos as aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

QUINTA.- Documentación a presentar polas aspirantes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral o de maneira presencial no Rexistro municipal deste Concello no prazo de 5 días hábiles contados a partir da recepción das bases da convocatoria polas aspirantes enviadas polo Servizo Público de Emprego.

As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e interesadas en participar na presente convocatoria, deberán presentar a instancia de solicitude, os méritos alegados e os Anexos que figuran nesta convocatoria. A presentación deberá realizarse no Rexistro Xeral do Concello de Cambre ou na sede electrónica do Concello de Cambre <http://sede.cambre.es>.

Documentación a presentar:

- Fotocopia e orixinal do DNI ou NIE.
- Fotocopia e orixinal da titulación académica máxima acadada.
- Informe de Vida laboral **actualizado** da Seguridade Social
- Acreditación de ser vítima de violencia de xénero, violencia vicaria e mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual
- Declaración xurada Anexo I
- Anexo II
- Autorización cesión de datos Anexo III
- Documentación acreditativa da experiencia profesional e da formación complementaria

Xustificación dos méritos:

Para xustificar os méritos achegarase a seguinte documentación orixinal ou debidamente compulsada, ordenada da seguinte maneira:

- Fotocopia do DNI/NIE
- Curriculum vitae
- As titulacións académicas que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados que se xustificarán cos correspondentes diplomas ou certificados.
- A experiencia profesional deberá xustificarse co:
 - Informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - Para traballos por conta allea: contratos ou certificados de empresa, ou nóminas que reflectan o posto de traballo desenvolvido de cada experiencia laboral.
 - Para traballos por conta propia: alta no IAE e contrato de servizos ou documentación que xustifique o traballo desenvolvido.

- Para traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste o traballo desenvolvido: os períodos traballados, categoría profesional e xornada (en castelán ou galego).

SEXTA.- Preselección de aspirantes.

Segundo o establecido no artigo 8 da Resolución de 20 de marzo de 2023 da Secretaría Xeral da Igualdade, para a selección das aspirantes o Concello de Cambre deberá contactar coa oficina de emprego asignada para a presentación da correspondente oferta, e solicitarán a relación de candidatas segundo os requisitos de perfil profesional precisos para os postos da presente convocatoria.

A selección realizarase entre as persoas aspirantes que sexan remitidas pola oficina de emprego nos seus sondaxes, non podendo ser admitida ningunha aspirante que non sexa preseleccionada e convocada polo Servizo polo Servizo Público de Emprego. Unha vez remitida a relación de aspirantes por parte da oficina de emprego correspondente, o Concello de Cambre contactará coas aspirantes aos efectos de verificar o seu interese en participar no programa así o como cumprimento dos requisitos da convocatoria.

SÉTIMA. - Publicidade.

Os anuncios desta convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, onde igualmente se publicarán as bases reguladoras da mesma.

Aquelas aspirantes que soliciten a anonimización dos seus datos, realizarase a asignación do pseudónimo de forma consensuada coa aspirante e consistirá, en todo caso, na atribución dun nome e dos apelidos, así como dun número de Documento Nacional de Identidade, todos eles ficticios. A persoa responsable do departamento tramitador do expediente emitirá un informe que acredite a identidade da vítima, así como o pseudónimo atribuído, para a súa utilización aos efectos oportunos no proceso de selección. A información relativa á identificación persoal das mulleres vítimas de violencia que participen nos procesos selectivos será custodiada polo departamento tramitador do expediente, de acordo co principio de confidencialidade.

OITAVA.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

O proceso selectivo constará de dous fases; unha fase de entrevista persoal que terá por finalidade avaliar o interese da aspirante en participar no programa así como as súas competencias e nivel de empregabilidade, e unha fase de valoración de méritos laborais e formativos.

Proceso de selección das aspirantes remitidas pola oficina de emprego que cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria realizaranse segundo as seguintes fases:

a) Fase de entrevista persoal. (máximo 3 puntos)

Consistirá na realización dunha entrevista persoal das aspirantes na que se valorará o interese polo posto de traballo (dispoñibilidade, motivación e actitude), as competencias profesionais (aptitude e capacitación) e o aproveitamento e empregabilidade. O tribunal realizará as preguntas que estime pertinentes para valorar os ítems anteriores. Para poder pasar a seguinte fase de selección as aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 2 puntos. A puntuación máxima da entrevista persoal será de tres (3) puntos.

Baremo da entrevista.

Ítems a valorar		Puntos máximos
Interese	Dispoñibilidade e actitude	Ata 1 puntos
	Motivación	
Competencias	Aptitude	Ata 1 puntos
	Capacitación profesional	
Aproveitamento e empregabilidade	Aproveitamento e empregabilidade	Ata 1 punto
TOTAL		3 puntos

b) Fase de valoración de criterios laborais-formativos. (máximo 12 puntos)

Nesta fase valoraranse os méritos alegados polas aspirantes de carácter laboral e formativos segundo o seguinte cadro.

Items a valorar	Puntos máximos
a) Experiencia laboral en tarefas directamente relacionadas co posto de traballo	
0,10 puntos por cada mes completo de traballo en Administracións Públicas, empresas ou institucións privadas en xornada laboral mínima de 35 horas semanais ou por cada suma de 140 horas de servizo se non acredita dita xornada (Para os efectos de valoración se terá en conta os días cotizados na Seguridade Social segundo o disposto no informe de vida laboral.)	Ata 6 puntos
b) Formación complementaria	
Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver , sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, colexios profesionais ou universidades. Valoraranse como segue: Por cada hora de formación recibida 0,001 puntos. Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán. A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación. Cando a documentación xustificativa especifique a duración en créditos, agás que especifique o seu valor, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas de duración e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.	Ata 5 puntos
c) Coñecementos do idioma galego: (puntuación máxima 1 punto)	
Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos Celga 3 ou equivalente: 0,50 puntos Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos Celga 5: 1 punto Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.	Ata 1 punto
TOTAL	2 puntos

A Cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de todos os méritos alegados.

No caso de producirse empate na puntuación final do proceso selectivo entre varios aspirantes, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida no apartado de valoración da experiencia laboral. De persistir o empate acudirase á puntuación obtida no apartado de valoración da formación e se sigue persistindo o empate a orde establecerase por sorteo.

NOVENA.- Tribunal cualificador.

Con arranxo aos principios de imparcialidade e profesionalidade e de conformidade cos artigos 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015 e 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, o Tribunal estará constituído por 5 membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas, que deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

O tribunal estará constituído por cinco (5) membros; un presidente/a, un secretario/a, e tres vogais:

- Presidenta: dona Ana María Portela Torrón responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre e como suplente dona Sonia Machín Herranz axente de desenvolvemento local do Concello de Cambre.
- Secretaria: dona Pilar María Pastor Novo e como suplente dona Verónica María Otero López.
- Vogais:
 - Romina Galán Iglesias Traballadora Social do Concello de Cambre e suplente Leticia Balado Fariña Traballadora Social do Concello de Cambre.
 - Ricardo Puertas Mosquera Educador Social do Concello de Cambre e suplente María Ángeles Díaz Rodríguez Traballadora Social do Concello de Cambre.
 - Ana María Monje Barcia coordinadora de Servizos Sociais do Concello de Cambre e suplente Ana Paula Suárez Villaverde Educadora Social do Concello de Cambre.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia, cando menos, de tres dos seus membros. En todo caso require a asistencia da presidenta e da secretaria ou das que legalmente as substitúan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde de proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DÉCIMA.- Cualificacións, proposta do Tribunal e lista de reserva.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública a relación provisional de aspirantes que obteñan a maior puntuación para optar aos postos de traballo superando o proceso selectivo, coa cualificación acadada por cada aspirante. O Tribunal elevará a citada relación ao órgano competente para proceder á contratación.

Segundo o establecido nos puntos 3 e 4 da Instrución 6/2023 de data 17/04/2023, unha vez finalizada a selección de aspirantes, e previamente á contratación, a entidade local beneficiaria remitirá á Secretaría Xeral da Igualdade (Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero), a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia (Procedemento SI461A), o modelo que figura como Anexo II, convenientemente asinado por cada unha das aspirantes, aos efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos na Resolución da convocatoria. Se non autorizasen a comprobación, xunto co Anexo II deberá achegarse a documentación administrativa de que as ditas mulleres cumpren os requisitos do artigo 6 da dita Resolución.

Unha vez feitas as comprobacións oportunas, dende a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero indicárase á entidade beneficiaria cales son as candidatas que cumpren os requisitos para que proceda á súa contratación.

Elaborarase unha lista, por orde de puntuación, coa totalidade das admitidas ao concurso e coa puntuación acadada no proceso selectivo, para poder ser utilizada no caso de renuncia da titular ou noutro caso de substitución da mesma, respectando sempre o orde de puntuación obtido no proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Incidencias.

O Tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten e adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO SEGUNDA.- Impugnación.

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as que aprobou ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 113 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.